

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

MINISTERIO DE XUSTIZA

911 *Orde JUS/76/2014, do 28 de xaneiro, pola que se modifica a Orde JUS/3244/2005, do 18 de outubro, pola que se determina a dotación básica das unidades procesuais de apoio directo aos órganos xudiciais.*

A Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, na redacción dada pola Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro de 2003, de modificación da Lei orgánica, establece no seu artigo 437.5:

O Ministerio de Xustiza, logo do informe do Consello Xeral do Poder Xudicial e das comunidades autónomas con competencias asumidas, determinará as dotacións básicas destas unidades procesuais de apoio directo, que garantirán, en todo caso, o correcto funcionamento do órgano xurisdiccional.

En cumprimento deste precepto, o Ministerio de Xustiza aprobou a Orde JUS/3244/2005, do 18 de outubro, pola que se determina a dotación básica das unidades procesuais de apoio directo aos órganos xudiciais que establece a dotación mínima de secretarios xudiciais, xestores e tramitadores que deben existir en cada unidade de apoio.

O anexo daquela orde ministerial determinaba o persoal mínimo dos corpos de secretarios xudiciais, xestores e tramitadores procesuais e administrativos que se debían integrar nas unidades procesuais de apoio directo. Porén, estas estimacións non respondían ás conclusións proporcionadas pola observación directa do funcionamento do modelo da nova oficina xudicial, xa que as primeiras unidades xudiciais adaptadas a esta nova configuración entraron en servizo no ano 2010, senón ás simples previsións derivadas do anteproxecto de Lei de reformas procesuais para a implantación da nova oficina xudicial que daquela se estaba tramitando.

Este anteproxecto non chegou a ser aprobado nas Cortes Xerais e as reformas procesuais necesarias para a implantación da oficina xudicial demoráronse ata a aprobación da Lei 13/2009. Esta norma é debedora incontestable do anteproxecto decaído, pero separouse del en polo menos dous aspectos cruciais polo que fai referencia ás competencias das unidades procesuais de apoio directo e aos servizos comúns: atribuíu a competencia para a admisión das demandas aos secretarios xudiciais e flexibilizou a necesidade da presenza destes fedatarios públicos nos actos de xuízo.

A atribución de novas competencias aos secretarios xudiciais e, polo tanto aos servizos comúns xerais, de ordenación do procedemento e de execución, unida á reforma do réxime de obrigada presenza na sala de vistas, tivo como consecuencia, especialmente na xurisdición civil, a concentración de funcións en servizos comúns cunha dotación inferior á necesaria e a simplificación e redución de funcións nas correspondentes unidades de apoio directo.

A función transitoria desta primeira orde de dotación básica, sinalada expresamente no informe do Consello Xeral do Poder Xudicial emitido con carácter previo á súa aprobación, exige a súa adaptación ás necesidades reais de funcionamento das oficinas xudiciais tan pronto como se evidencien as súas carencias. As necesidades de maior persoal nas unidades procesuais de apoio directo, de seren necesarias, pódense corrixir mediante unha modificación ordinaria das correspondentes relacións de postos de traballo (artigo 2.3 da Orde JUS/3244/2005), pero, dado o carácter de dotación mínima da orde, as previsións erróneas por exceso débense solucionar necesariamente modificando o seu anexo, de forma que o persoal que resulte liberado das unidades procesuais de apoio directo sexa destinado a mellorar as relacións de postos de traballo das demais unidades e servizos da oficina xudicial, de conformidade coa lexislación vixente.

No proceso de elaboración desta orde foron oídas as comunidades autónomas que recibiron os trasposos de medios persoais para o funcionamento da Administración de xustiza, así como o Consello do Secretariado e as organizacións representativas do persoal ao servizo da Administración de xustiza. Ademais, solicitouse o preceptivo informe do Consello Xeral do Poder Xudicial.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo único. *Modificación das dotacións mínimas de persoal das unidades procesuais de apoio directo.*

A dotación básica das unidades procesuais de apoio directo aos órganos xudiciais referida aos corpos de secretarios xudiciais, xestores procesuais e administrativos e tramitadores procesuais e administrativos será a contida no anexo da presente orde.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 28 de xaneiro de 2014.—O ministro de Xustiza, Alberto Ruiz-Gallardón Jiménez.

ANEXO

Ordes xurisdicionais	Órganos xudiciais		N.º de postos de cada corpo / n.º de unidades procesuais de apoio directo		
	Denominación	Especialización / compatibilización	Secretario xudicial	Xestor procesual e administrativo	Tramitador procesual e administrativo
CIVIL	Xulgado de Primeira Instancia.	a) Sen función de rexistro civil.	1 por cada 3 UPAD.	1 por cada 2 UPAD.	1 por cada UPAD.
		b) Con función de rexistro civil.	1 por cada 2 UPAD.	1 por cada UPAD.	1 por cada UPAD.
		c) Familia.	1 por cada 3 UPAD.	1 por cada 2 UPAD.	1 por cada UPAD.
	Xulgado do Mercantil.	Seccións civís.	1 por cada 3 UPAD.	1 por cada 2 UPAD.	1 por cada UPAD.
	Audiencia Provincial.		1 por cada 3 UPAD.	1 por cada 2 UPAD.	1 por cada UPAD.
PENAL	Xulgado de Instrución.	Seccións penais.	1 por cada UPAD.	2 por cada UPAD.	2 por cada UPAD.
	Xulgado do Penal.		1 por cada 3 UPAD.	1 por cada 2 UPAD.	1 por cada UPAD.
	Xulgado de Menores.		1 por cada 3 UPAD.	1 por cada 2 UPAD.	1 por cada UPAD.
	Xulgado de Vixilancia Penitenciaria.		1 por cada 3 UPAD.		2 por cada UPAD.
	Xulgado de Violencia sobre a Muller.		1 por cada UPAD.	2 por cada UPAD.	2 por cada UPAD.
CIVIL E PENAL	Audiencia Provincial.	Seccións civís e penais.	1 por cada UPAD.	1 por cada 2 UPAD.	1 por cada UPAD.
	Xulgado de Primeira Instancia e Instrución.		1 por cada 2 UPAD.	2 por cada UPAD.	2 por cada UPAD.
	Audiencia Provincial.		1 por cada 2 UPAD.	1 por cada 2 UPAD.	1 por cada UPAD.
CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVA	Tribunal Superior de Xustiza.	Sala do Civil e Penal.	1 por cada 2 UPAD.	1 por cada 2 UPAD.	1 por cada UPAD.
	Xulgado do Contencioso-Administrativo.		1 por cada 3 UPAD.	1 por cada 2 UPAD.	1 por cada UPAD.
SOCIAL	Tribunal Superior de Xustiza.	Sala do Contencioso-Administrativo.	1 por cada UPAD de sala ou 1 por cada 3 UPAD de sección.	1 por cada UPAD de sala ou 1 por cada 2 UPAD de sección.	1 por cada UPAD de sala ou 1 por cada UPAD de sección.
	Xulgado do Social.	Sala do Social.	1 por cada 3 UPAD.	1 por cada 2 UPAD.	1 por cada UPAD.
	Tribunal Superior de Xustiza.		1 por cada UPAD de sala ou 1 por cada 3 UPAD de sección.	1 por cada UPAD de sala ou 1 por cada 2 UPAD de sección.	1 por cada UPAD de sala ou 1 por cada UPAD de sección.